

PRIMEIRO E SEGUNDO DE PRIMARIA



Ed. OQO

“A cociñeira do rei”

O rei tiña unha pena como unha nube negra, que non o deixaba pensar. E, cando un non pensa, todo sae mal: as estradas tórcense, as pontes caen, os barcos perden as mercadorías...

“Versos da tarde laranxa”

Ana María Fernández (narradora, poeta e dramaturga) vén amosarnos unha nova mostra do seu delicado traballo poético destinado aos máis pequenos. Neste novo libro supérase. e fai que o mundo, todo, sexa de cor laranxa.



Ed. Galaxia Rústica




Ed. Xerais

“Poemas o mar”

Pequenos poemas nos que o mar é o gran protagonista. Polos seus versos desfilan: unha serea poeta, barquiños de papel, piratas, paxaros, meniños...

“Cepillo”

Relato entrañable no que a ilusión dun neno consegue que un cepillo cobre vida ata converterse nun animal de compañía. Un clásico da literatura catalá que destaca polo manexo da ironía, o absurdo e do factor máxico (Lingua Castelá).



Ed. Kalandraka

TERCEIRO E CUARTO DE PRIMARIA



Ed. Anaya

“Mi vecino Cervantes”


Un día na clase, Lucas ve un retrato, no libro de Lengua, de Miguel de Cervantes, e dase conta de que o seu veciño do segundo parécese moito a el. Ademais, tamén se chama Miguel. Será...

“O meu gato é un poeta”

É un libro que pretende transmitir a poesía dun xeito lúdico, divertido e, sobre todo, accesible para os lectores e lectoras desta idade. Está ideado coma se fose un xogo ou un obradoiro.



Ed. Galaxia



Ed. Bruño

“Soy... Jerónimo”

Jerónimo leva tres días na cama e, como se aburre moito, decidiu porse a escribir e contar a súa vida. Así, imos ir descubriendo moitas cousas: o porqué do seu nome, os seus xogos favoritos... Jerónimo é un neno moi observador.

QUINTO E SEXTO DE PRIMARIA



Ed. Xerais

“Esmeraldina, a pequena defunta”


Na cociña a pequena Esmeraldina é feliz, aprendendo todos os trucos culinarios da man da súa avoa, A Tremenda, unha chef de sona mundial. A vida avanza entre pucheiros ata que un andazo de febre...

“Un monstruo viene a verme”

Este libro trata de como un neno afronta unha das peores situacións coas que podería atoparse e, á vez, representa o que podería ser calquera de nós.



Ed. Debolsillo



Ed. Siruela

“El diablo de los números”

A Robert non lle gustan as Matemáticas, como lle sucede a moitas persoas, porque non as acaba de entender. Pero unha noite el soña cun duende que pretende inicialo na ciencia dos números.



Ed. Xerais

“Lía e as zapatillas de deporte”

As zapatillas de deporte de Lía son portadoras dunha historia triste. Noutro lado do mundo, nenos e nenas da súa mesma idade e cos pés descalzos, afánanse en meter zapatillas en caixas idénticas ás que ela recibiu o día de Reis.


“El viaje de Shackleton”

Ernest Shackleton soñou con atravesar a pé o xeado corazón da Antártida, un lugar de mares feroces, montañas inexploradas e un frío helador. Pero o seu barco, o Endurance, quedou atrapado polo...



Ed. Impedimenta

EDUCACIÓN INFANTIL



Ed. Jaguar

"Felipe tiene gripe"

Felipe ten gripe e non para de estornudar, pero non quere tomar a medicina. Non hai maneira de convencelo. Pobre Felipe ¡atchis!


"Así es mi corazón"

Un precioso álbum homenaxe ás emocións e os sentimentos dos mais pequenos: alegría tristeza, calma, enfado, medo... "O meu corazón é como unha casaña". Dentro pasan moitas cousas



Ed Bruño

El cazo de Lorenzo




Ed. Juventud

"El cazo de Lorenzo"

Con palabras sinxelas e unhas ilustracións terras e divertidas, a autora recrea o día a día dun neno diferente: as súas dificultades, as súas cualidades, os obstáculos que ten que afrontar...

"Más contos en cantos"

Os lectores poderán cantar e bailar ao son do reggae con "A máscara do león", o rock con "Carabuñas", a Rumba con "Picurruchos", a polca con "Maruxa".



Ed. OQO

PROXECTO: CIENCIA E EXPERIMENTOS



Ed. Siruela

"Colección: Nos gusta saber"

A través dos diferentes títulos podemos responder ás numerosas preguntas do mundo que nos rodea e facer un percorrido polos distintos descubrimentos e experimentos.

"Mates divertidas – Biología divertida – Química divertida – Física divertida"

Con esta guía repleta de lapelas, despregables e lengüetas, os lectores aprenderán por que o noso mundo funciona tal e como o coñecemos. Tamén poden facer os seus propios experimentos!



Ed. SM



Ed. La Galera

"El Universo en tus manos"

Cando Eva sobe ao faiado onde traballa o avó Leonardo, non hai rastro del. O avó é un inventor moi intelixente e sempre lle explica cousas de ciencia á súa neta. Quizá esta vez realizou un experimento curioso.

"La catastrófica aventura de la ciencia"

Tira un ovo en paracaídas desde unha ventá. Destila o ADN dun plátano. Crea mini-lóstregos na túa boca. Xeniais experimentos que demostran as teorías tras os 34 descubrimentos máis innovadores da historia da humanidade.



Ed. Montena

GUÍA DE LECTURA

- ✓ "Le e conducirás, non leas e serás conducido". *Sta. Teresa de Jesús, escritora española.*
- ✓ "A lectura é pracer, coñecemento, emoción, fantasía". *Fernando Trueba, cineasta español.*
- ✓ "Se pensas chegar a algunha parte na vida, tes que ler moitos libros". *Roald Dahl, escritor británico.*

CEIP DE CARNOTA 2016-2017



Boas Festas. Feliz Ano!